

Verme defoliador millo e gramíneas (*Mythimna unipuncta*)

CULTIVOS AFECTADOS E DANOS

Lepidóptero pertencente á familia Noctuidae, que ataca a varias especies, sendo especialmente voraz para millo e gramíneas. Os danos son producidos pola alimentación das larvas na base das plantas. Nas pradeiras desaparecen as gramíneas e no millo poden eliminar toda a folla a excepción do nervio central. Son inofensivas para as persoas.


Atópase presente en Galicia dende fai décadas, con danos importantes na década nos 90. Nos últimos anos non producira grandes danos ata este ano 2023. A praga no mes de outubro debería estar hibernando pero debido ás temperaturas altas aínda se atopa presente con poboacións abundantes.

DESCRIPCIÓN E BIOLOXÍA

Larva: As larvas ou eirugas son de color pardo verdoso e teñen un tamaño de de 3 a 4 cm. Presentan tres liñas lonxitudinais dorsais de cor claro rodeadas de negro e unha banda lateral lonxitudinal amarela pálida.

Adulto: O adulto é unha bolboreta con unha envergadura de 3 a 5 cm. As súas alas anteriores son de cor marrón pallizo cun característico punto branco de tamaño diminuto no centro de cada ala superior e unha liña mais escura que sae do ápice.

Pupa: As pupas ou crisálidas son de cor marrón castaño, cun tamaño de 1,5 e 2,5 cm.



Imaxe 1: Adulto (LAFIGA)



Imaxe 2: Adulto (EPPO)



Imaxe 3: Larva (EPPO)



Imaxe 4: Ovos (EPPO)



Imaxe 5: Pupa (EPPO)

CICLO BIOLÓXICO

Adoitan ter tres xeracións ao ano nas condicións climatolóxicas de Galicia. Os ataques son esporádicos e dependen da climatoloxía da primeira e da segunda xeración, sendo a terceira a que causa mais dano, por alcanzar poboacións mais elevadas. Pasan o inverno como eirugas do último estadio ou ben en forma de crisálidas dependendo das condicións climáticas.

O voo do adulto comeza en abril - maio e finaliza en agosto - setembro. As bolboretas adoitan realizar a posta á tardiña en paraxes húmidas e lugares protexidos (envés das follas ou na zona de inserción das follas e o tallo).

As larvas localízanse polo día na parte basal das plantas ou malas herbas e pola noite aliméntanse das follas, completando o seu ciclo en 25-40 días, tras pasar por 5-6 estadios larvários, chegando ata 7 en condicións favorables. Os danos mais importantes realízanos a partir do terceiro estadio.

MÉTODOS DE CONTROL

Debería realizarse un seguimento da praga mediante trampas de feromonas. Para a determinación da densidade real será preciso observación de danos nas follas.

Non está definido un limiar de actuación, xa que é unha especie migrante con danos moi difíciles de prever. Recoméndase tratar so cando se observa un número considerable de follas roídas no borde.

Métodos de control biolóxico

Existen depredadores como coleópteros (escaravellos), himenópteros parasitoides (avispiñas), dípteros (moscas), fungos e nematodos entomopatóxenos, que son uns importantes aliados no control do insecto.

Nos primeiros estadios resulta bastante eficaz o uso de *Bacillus thuringiensis Aizawai* 50 %.

Métodos de control químicos

Usaranse os produtos fitosanitarios autorizados Rexistro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Na seguinte táboa indícanse as materias activas e formulados autorizados para o millo.

CULTIVO	MATERIA ACTIVA	FORMULADO
MILLO	CLORANTRANILIPROL +LAMBDA CIHALOTRIN	CLORANTRANILIPROL 20% [SC] P/V
	CIPERMETRIN	CIPERMETRIN 10% [EC] P/V
	CIPERMETRIN	CIPERMETRIN 50% [EC] P/V
	DELTAMETRIN	DELTAMETRIN 2,5% [EC] P/V
		DELTAMETRIN 1,57% [SC] P/V
	LAMBDA CIHALOTRIN	LAMBDA CIHALOTRIN 5% [EG] P/P
	LAMBDA CIHALOTRIN	LAMBDA CIHALOTRIN 10% [CS] P/V
	SPINOSAD	SPINOSAD 48% [SC] P/V
TEFLUTRIN	TEFLUTRIN 1,5% [GR] P/P	

Táboa 1. Materias activas e formulados autorizados no para o *Mythimna unipuncta* (MAPA)

NOTA: Antes de realizar as aplicacións con algunha de destas materias activas, debe consultarse a situación dos produtos no Rexistro de Produtos Fitosanitarios do MAPA.

<https://servicio.mapa.gob.es/regfiw>